

Toca R, Danza R

Museo Tiflológico da ONCE

21 abril • 18 octubre 2026



Toca R, Danza R

Museo Tiflológico da ONCE

Nesta exposición seleccionáronse obras escultóricas pertencentes á colección do Museo Tiflológico da ONCE, realizadas tanto por artistas con discapacidade visual grave como por artistas sen ela. Todas as pezas están conectadas por un fío condutor común.

A fascinación por plasmar a danza en formas tridimensionais foi constante, como se aprecia en multitude de exemplos desde a arte clásica ata a actualidade.

A danza converte o corpo nunha escultura dinámica e efémera; a escultura conxela ese movemento, facendo que unha figura baile eternamente.

A escultura e a danza comparten elementos de unión ao teren o corpo humano como forma de expresión, así como o espazo, o tempo e o movemento, transformando a fluidez corporal en formas estáticas ou capturando a dinámica do baile na materia, explorando a harmonía, a emoción e a narrativa a través da forma, a composición, a enerxía e o xesto. Unha obra escultórica, en principio inmóbil e non dinámica, trasládanos, coa súa temática, cara á danza, ao seu movemento, á súa expresión corporal, ao seu dinamismo, ao seu sentimento e ao seu significado.

Con estas pezas escultóricas logramos dar a coñecer, a través do tacto, determinadas expresións corporais que, neste caso, nos achegan ao corpo como medio artístico de expresión, á marxe da consideración da materia escultórica como tal.

Cada danza transmite diferentes sentimentos, herdanzas rituais e crenzas, transmitidas ao longo do tempo en diversas culturas. Nesta selección de pezas, nas que se toman como modelo distintas danzas, atopamos que en si mesmas teñen un significado concreto e único, alén do seu valor estético.



En esta exposición se han seleccionado obras escultóricas pertenecientes a la colección del Museo Tiflológico de la ONCE, realizadas tanto por artistas con discapacidad visual grave como por aquellos sin ella. Todas las piezas están conectadas por un hilo conductor común.

La fascinación por plasmar la danza en formas tridimensionales ha sido constante, como se aprecia en multitud de ejemplos desde el arte clásico hasta la actualidad.

La danza convierte el cuerpo en una escultura dinámica y efímera, la escultura congela ese movimiento, haciendo que una figura baile eternamente.

La escultura y la danza tiene elementos de unión al compartir el cuerpo humano como forma de expresión, el espacio, el tiempo y el movimiento, transformando la fluidez corporal en formas estáticas o capturando la dinámica del baile en materia, explorando la armonía, la emoción y la narrativa a través de la forma, la composición, la energía y el gesto. Una obra escultórica, en principio inmóvil y no dinámica, nos traslada, con su temática, hacia la danza, a su movimiento a su expresión corporal, a su dinamismo, a su sentimiento y a su significado.

Con estas piezas escultóricas logramos dar a conocer a través del tacto ciertas expresiones corporales que en este caso nos acercan al cuerpo como medio artístico de expresión al margen de la consideración de la materia escultórica como tal.

Cada danza traslada diferentes sentimientos, herencias rituales y creencias, transmitidas a lo largo del tiempo en diferentes culturas. En esta selección de piezas donde se toman como modelo, diferentes danzas, encontramos que en sí mismas tienen un significado concreto y único, al margen de su valor estético.

Salomé baila para o rei Herodes, quen lle promete cumprir calquera desexo. Ela pídelle a cabeza de Xoán o Bautista. Tradicionalmente representa a tentación, o poder feminino, o exotismo oriental e a decadencia.

Na peza, a danza insinúase pola posición da representación de Salomé, aínda que nos traslada ao momento no que se cumpre o seu desexo. O artista tómase a licenza de presentar tanto a cabeza como a figura dela, metade muller, metade mantis relixiosa, sobre a famosa bandexa onde, segundo a Biblia, lle foi entregado o seu agasallo.

• • •

Salomé baila para el rey Herodes, quien, le promete cualquier deseo. Ella le pide la cabeza de Juan el Bautista. Tradicionalmente representa la tentación, el poder femenino, el exotismo oriental y la decadencia.

En la pieza la danza se insinúa por la posición de la representación de Salomé aunque nos traslada al momento en el que es cumplido su deseo. El artista se toma la licencia de presentar tanto la cabeza como la figura de ella, mitad mujer, mitad Mantis religiosa, sobre la famosa bandeja donde según la Biblia le fue entregado su regalo.



**CÉSAR DELGADO
GONZÁLEZ**

(Discapacidad Visual)

Salomé

Bronce • 1998

A danza tradicional con violín maniféstase en diversos estilos folclóricos ao longo de toda Europa. Forma parte esencial da identidade local, interpretada en celebracións e festas con traxes típicos, mostrando como o violín se entrelaza co baile e coa cultura.

Esta música folclórica ancestral emprega melodías rexionais para acompañar festividades e reunións comunitarias, fortalecendo os lazos culturais interxeracionais. En resumo, a danza tradicional con violín é unha expresión cultural profunda que utiliza o instrumento para animar celebracións e manter vivas as tradicións.

• • •

La danza tradicional con violín se manifiesta en diversos estilos folclóricos a lo largo de toda Europa. Forma parte esencial de la identidad local, tocado en celebraciones y fiestas con trajes típicos, mostrando cómo el violín se entrelaza con el baile y la cultura.

Esta música folclórica ancestral, usa melodías regionales para acompañar festividades y reuniones comunitarias, fortaleciendo lazos culturales intergeneracionales. En resumen la danza tradicional con violín es una expresión cultural profunda, que usa el instrumento para animar celebraciones y mantener vivas las tradiciones.



VIVENCIO MORO

(Discapacidad Visual)

Violinista de las cavernas

Talla en madera • 1999



A danza flamenca é unha expresión artística orixinaria de Andalucía, nacida no século XVIII. Xorde da mestizaxe cultural entre xitanos, andaluces cristiáns, árabes e xudeus.

O baile flamenco distínguese pola súa intensidade emocional e polo uso do corpo como instrumento. Os movementos fluídos e elegantes de brazos e mans achegan expresividade e forza. É unha expresión artística que canaliza unha ampla gama de sentimentos humanos.

Esta escultura transmítenos esa forza, paixón, determinación e reflexión profunda a través do seu movemento solemne e do seu xesto intenso. A postura firme e a presenza poderosa da bailaora reflicten a resiliencia e a conexión coas súas raíces.

• • •

La danza flamenca es una expresión artística originaria de Andalucía nacida en el siglo XVIII. Nació del mestizaje cultural entre gitanos, andaluces cristianos, árabes y judíos.

El baile flamenco se distingue por su intensidad emocional y el uso del cuerpo como instrumento. Movimientos fluidos y elegantes de brazos y manos que aportan expresividad y fuerza. Es una expresión artística que canaliza una amplia gama de sentimientos humanos.

Esta escultura nos transmite esa fuerza, pasión, determinación y reflexión profunda a través de su movimiento solemne y gesto intenso. La postura firme y la presencia poderosa de la bailaora reflejan la resiliencia y la conexión con sus raíces.

JOSE Mª PRIETO LAGO

Sordociego

Sevillana

Bronce patinado • 1993

A capoeira é unha manifestación cultural afrobrasileira que fusiona danza, arte marcial, música e acrobacias. Foi creada por persoas escravizadas africanas como forma de resistencia e adestramento físico para manter as súas habilidades de loita e expresar a súa cultura, camuflada como baile para evitar que os seus “amos” lles impedisen practicala.

Caracterízase por movementos fluídos, patadas e xiros acrobáticos, como aparece representado nesta escultura, ao ritmo da música. Converteuse nun símbolo de resistencia e liberdade, axudando a manter a identidade cultural afrobrasileira.

•••

La capoeira es una manifestación cultural afrobrasileña que fusiona danza, arte marcial, música y acrobacias. Fue creada por esclavos africanos como forma de resistencia y entrenamiento físico para mantener sus habilidades de lucha y expresar su cultura, camuflado como baile, para que sus “amos” no les impidieran practicarlo.

Se caracteriza por movimientos fluidos, patadas, y movimientos acrobáticos, como aparece representado en esta escultura, al ritmo de la música. Se convirtió en un símbolo de resistencia y libertad, ayudando a mantener la identidad cultural afrobrasileña.



SERGIO MONTOYA RASERO

Capoeira

Talla en madera policromada • 2001

A danza caribeña é unha expresión cultural vibrante e diversa, reflexo da rica historia e mestizaxe cultural da rexión, con raíces africanas, indíxenas e europeas.

Caracterízase pola súa sensualidade, ritmos alegres e conexión coa percusión, celebrando a vida e narrando historias da rexión. Na actualidade segue a ser un pilar fundamental da identidade cultural e social.

Aquí aparecen dúas figuras fundidas, unha detrás da outra, destacando o movemento das cadeiras, ombreiros e torsos, reflectindo liberdade e conexión coa terra.

•••

La danza caribeña es una expresión cultural vibrante y diversa, reflejo de la rica historia y mestizaje cultural de la región, con raíces africanas, indígenas y europeas. Se caracteriza por su sensualidad, ritmos alegres y conexión con la percusión, celebrando la vida y contando historias de la región. Sigue siendo en la actualidad un pilar fundamental de la identidad cultural y social.

Aquí aparecen dos figuras una detrás de otra fundidas, destacando el movimiento de sus caderas, hombros y torsos, reflejando libertad y conexión con la tierra.



**CÉSAR MONTAÑA
GARCÍA**

Danza del Caribe
Talla en madera • 1990


O mito grego de **Ícaro** representa a caída pola soberbia. Ícaro non fixo caso ao seu pai e achegouse demasiado ao sol, derreténdose a cera das ás que lle permitían voar, e caeu ao baleiro.

O movemento que apreciamos nesta escultura, onde o protagonista se eleva, lévanos ao medio de expresión corporal por excelencia: a danza. A figura de Ícaro na danza, tema recorrente en diversas montaxes escénicas, simboliza a miúdo a fragilidade humana, a ambición e a procura da liberdade.

•••

El mito griego de **Ícaro** representa la caída por la soberbia. Ícaro no hizo caso a su padre y se acercó mucho al sol derretándose la cera de las alas que le permitían volar cayendo al vacío.

El movimiento que podemos apreciar en esta escultura, donde el protagonista alza el vuelo, nos lleva al medio de expresión corporal por excelencia: la danza. La figura de Ícaro en la danza, donde es tema recurrente en varias puestas en escena, simboliza a menudo la fragilidad humana, la ambición y la búsqueda de libertad.



**PEDRO TERRÓN
MANRIQUE**

Ícaro
Bronce patinado • 1997

“Ayouta” é un nome propio que tamén dá título a unha escultura de estilo Art Déco creada polo artista Demetre Chiparus (1886–1947). É famosa por representar unha bailarina do ballet ruso nunha postura dinámica: unha muller cunha perna elevada e os brazos en alto, moi semellante á desta peza, que lle rende homenaxe tanto polo título como pola posición da danzante.

• • •

“Ayouta” nombre propio que es también el título de una escultura de estilo Art Déco creada por el artista Demetre Chiparus (1886-1947). Es famosa por representar a una bailarina del ballet ruso, en una postura dinámica: una mujer con una pierna elevada y brazos en alto de modo muy similar a la esta pieza que le rinde homenaje tanto por el título como por la posición de la danzante.



MER MARRODÁN

Ayouta

Bronce patinado • 2007

Danza brillante. Nesta obra representáanse o movemente e as emocións do corpo humano a través de formas sintéticas elaboradas con pequenos fragmentos de madeira recuperada e tratada, que dialogan formalmente entre si.


Neste caso, os corpos das persoas representadas fúndense nunha aperta mentres danzan “agarrados”. A aperta é mostra de afecto, cariño, amor e sentimento.

• • •

Danza brillante. En esta obra se representa el movimiento y las emociones del cuerpo humano a través de formas sintéticas mediante pequeños fragmentos de madera recuperada y tratada, que formalmente dialogan entre sí. En este caso los cuerpos de las personas representadas se funden en un abrazo mientras danzan “agarrados”. Abrazo muestra de afecto, cariño, amor y sentimiento.

**RAÚL BRAVO
GONZÁLEZ**

Danza brillante
Ensamblaje • 2008



Danzantes. Nesta obra aparecen varios personaxes movéndose ao unísono. A danza en grupo simboliza principalmente a unión, a cohesión comunitaria e a identidade cultural, fortalecendo os lazos sociais a través de movementos sincronizados e coreografías compartidas.

A través dela refórzase a pertenza a unha comunidade específica, transmitindo historias e valores culturais mediante o movemento. Actúa como ritual de celebración da vida, da forza e da expresión emocional colectiva, transformando o espazo nun punto de encontro e pertenza.

• • •

Danzantes. En esta obra aparecen varios personajes moviéndose al unísono. La danza en grupo simboliza principalmente la unión, la cohesión comunitaria y la identidad cultural, fortaleciendo lazos sociales a través de movimientos sincronizados y coreografías compartidas.

A través de ella se refuerza la pertenencia a una comunidad específica, transmitiendo historias y valores culturales a través del movimiento. Actúa como un ritual de celebración de la vida, la fuerza y la expresión emocional colectiva, transformando el espacio en un punto de encuentro y pertenencia.



**JOSÉ LUIS
GARCÍA ROMERO**

Danzantes
Talla en madera
policromada • 2007

A danza de **cortexo** é un ritual de movementos, a miúdo rítmicos e coreografiados, utilizado tanto por humanos como por animais para atraer parella, exhibir vigor e facilitar a selección sexual.

Nesta escultura, dun mesmo tronco xorden dúas serpes, cuxos corpos se van enroscando entre si e se atopan á altura das súas cabezas a modo de “cortexo” ou “danza”. Nas serpes adoita referirse a dous comportamentos distintos que con frecuencia se confunden: o ritual de apareamento entre un macho e unha femia e a danza de combate entre dous machos.

• • •

La danza de **cortejo** es un ritual de movimientos, a menudo rítmicos y coreografiados, utilizado tanto por humanos como por animales para atraer pareja, exhibir vigor y facilitar la selección sexual.

En esta escultura, en la que de un mismo tronco surgen dos serpientes, cuyos cuerpos se van enroscando entre sí y se encuentran a la altura de sus cabezas a modo de “cortejo” o “danza”. En las serpientes suele referirse a dos comportamientos distintos que a menudo se confunden: el ritual de apareamiento entre un macho y una hembra, y la danza de combate entre dos machos.



AGUSTÍN SANZ DE LA FUENTE

Cortejo

Talla en madera • 2004

Toca R, Danza R

Museo Tiflológico da ONCE

21 abril • 18 octubre 2026

Museo Provincial de Lugo

Pl. de la Soledad • s/n, 27001 Lugo

<https://comunidadermpl.gal/museos-lugo/museo-provincial/>

Museo Tiflológico ONCE

C/ La Coruña, 18 • 28020 Madrid • Telf. 91 589 42 19

<http://museo.once.es> • museo@once.es

